

N/Ref. SGEA/CSO/fjs/20130113COS

**Asunto: Contestación á consulta sobre o proxecto 20130113COS,
ACTUACIONES EN LA MORFOLOGÍA EN LA PLAYA DE LA MADALENA, T. M.
CEDEIRA (A CORUÑA)**

Con data de rexistro de saída do 22.01.2014, a ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA) recibimos de D. Francisco Muñoz García, Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental, unha carta cuxo asunto é: “*Consultas sobre decisión de avaliación de impacto ambiental, relativa ao proxecto 20130113COS, ACTUACIÓNS NA MORFOLOXÍA NA PRAIA DA MADALENA, T. M. CEDEIRA (A Coruña)*”.

Dende **ADEGA** damos resposta á súa consulta, para cuxa elaboración se contou coa colaboración da plataforma cívica **SomosCedeira**, por estar entre os seus fins a protección do medio ambiente no termo municipal de Cedeira, onde se sitúa a praia da Madalena.

Polo tanto, e en base aos motivos que indicamos ao logo deste escrito SOLICITAMOS ao órgano competente en materia ambiental adscrito á Secretaría de Estado de Medio Ambiente:

1. A **anulación e retirada definitiva** do proxecto 20130113COS, “*Actuaciones en la morfología en la playa de la Madalena, T. M. Cedeira (A Coruña)*”, polas razóns motivadas que expomos no presente informe.
2. O sometemento do novo proxecto (ou deste proxecto no caso de que non sexa retirado) e as súas posibles alternativas ao procedemento ordinario (completo) de **avaliación de impacto ambiental**, conforme á Lei 21/2013.
3. Que se trasladen as oportunas instrucións por parte desa administración ambiental para que se impulse a constitución dun **grupo interdisciplinar** (constituído pola administración, investigadores, axentes sociais locais e cidadanía en xeral) que se encargue da elaboración dun estudo detallado do medio baixo unha visión integral e un plan de usos respectuoso co medio ambiente.

ÍNDICE

1	Introdución.....	3
2	Nota sobre lexislación aplicable en vigor.....	5
3	Revisión da “memoria resumen” de Costas.....	6
3.1	Antecedentes e obxectivos	6
3.2	Lexislación aplicable	7
3.3	3.3 Información de interese, u-la?	7
3.3.1	Descrición e ubicación xeográfica.....	8
3.3.2	Medio físico.....	8
3.3.3	Espazos protexidos.....	9
3.3.4	Medio biolóxico (mariño)	9
3.3.5	Medio biolóxico (praia e cordón dunar)	12
3.4	“Alternativas de actuación”, segundo Costas.....	13
3.5	Debullando a proposta de Demarcación de Costas en Galicia.....	13
3.6	O que non dí a “Memoria Resumen”.	14
4	Marco legal polo que é preceptivo un estudo de impacto ambiental ordinario (sexas cal sexas a obra) na Madalena.....	15
4.1	Sobre o “dique de encauzamiento”	16

1 Introducción

A “memoria” do proxecto é un documento que raia a indignación de calquera cidadán tras a súa lectura, tanto pola súa estrutura inconexa, propia de informes elaborados con retais doutros documentos de diferentes anos e obsoletos –copia e pega–, como pola falta absoluta de datos e evidencias que avalen as sesgadas afirmacións que se expoñen. Tampouco se molestan en citar fontes bibliográficas e autores que puidesen achegar certa credibilidade, propias de calquera estudo serio, mesmo nas versións resumidas.

Por iso, entendemos que a “memoria resumen” é un documento inaceptable como documento de inicio para calquera proceso de avaliación ambiental. Temos a sospeita ademais de que se trata dun “estudo” feito á carreira, pois a plataforma cívica SomosCedeira recibiu unha carta da demarcación de Costas o pasado verán, onde se recoñece literalmente: *“En la actualidad (julio 2013) se halla en esta Demarcación en un estadio incipiente, y sin que todavía estén plasmadas en un proyecto, unas actuaciones en la morfología de la playa [...]”*. Resulta evidente que se o “estudo” estaba aínda sen plasmar nun proxecto, considerando os períodos vacacionais de verán, resulta moi difícil que nese mesmo outono poida terse realizado un proxecto completo.

Isto fainos pensar nun documento elaborado con présa pero no que se albisca unha pre-meditada intención de continuar vertendo area na praia. Polo desleixo e desinterese co que está elaborado dedúcese que neste proxecto o de menos é a avaliación ambiental e xa parece estar incluso contratado. A pesar das deficiencias que atopamos, xa que daremos conta ao longo deste documento dos erros e eivas atopadas nesta “memoria”, o propio documento recoñece unha complexa problemática na praia da Madalena. A pesar de que a costas recoñece e identifica posibles causas da situación actual, non plantexa solucións, ou cando os plantexa o desenrolo da solución non ten nada que ver co enunciado.

En definitiva, estamos ante un documento feito tarde, mal e arrastro, pero cunha clara intencionalidade. Debullando polo miúdo o documento só podemos extraer unha idea: a única alternativa aceptable para Costas é aporte de area (medida fracasada reiteradamente desde 2001) co agravante nesta ocasión de que a súa procedencia sería de *“yacimientos terrestres”*. Para rematar o despropósito engádeselle unha nova ocorrencia dun *“dique de encauzamiento del río”*, aventurando aínda por riba e fóra do seu ámbito competencial, que *“non se aprecian impactos graves que deban ser estudiados con detalle”*.

O obxectivo desta “memoria resumen” non é outro que dar trámite a un estudo inicial que para nada cumpre cos mínimos esixibles a un documento destas características, para xustificar unha decisións xa tomadas de antemán, e que nada ten que ver cun uso sustentable desta zona litoral. Neste documento non se achegan argumentos

científicos —é dicir, contrastables e citando autores e responsables do seu contido (como xa prevé o artigo 16 da Lei 21/2013)—, senón que mesmo e por incrible que pareza nun documento oficial dunha administración pública, hai pasaxes onde se di unha cousa e pouco despois a contraria. As contradicións como trataremos de reflexar nesta resposta, son reiteradas ao longo de todo o documento, polo que debería ser devolto ao organismo promotor.

Polo exposto, como adiantamos ao comezo do presente informe pero agora de forma máis detallada.

SOLICITAMOS á autoridade ambiental competente (petición que faremos extensiva a outras administracións con competencias substantivas e axentes sociais):

- 1) A **anulación e retirada definitiva** do proxecto 20130113COS, “*Actuaciones en la morfología en la playa de la Madalena, T. M. Cedeira (A Coruña)*”, porque é un proxecto, que non dará solución á desaparición de area que ven acontecendo nesta praia e porque esta actuación repercutirá (por terceira vez dende o 2001) nos petos de toda a cidadanía.
- 2) Que dado que esta “memoria resumen” non achegar o contido mínimo exixible conforme á normativa vixente de avaliación ambiental (Lei 21/2013), non procede determinar se o proxecto debe ou non someterse ao procedemento de avaliación de impacto ambiental, polo que debe ser devolto ao órgano promotor. Os innumerables erros que hai ao longo documento, cometidos dun xeito tendencioso, (no que nin tan sequera se mide a salinidade dos puntos de mostraxe), fan que este documento diste moito de ter carácter científico e fainos pensar que está manifestamente feito á medida para xustificar o recheo.
- 3) Que como autoridade ambiental, o MAGRAMA, dote dos mecanismos necesarios aos axentes sociais como partidos políticos, asociacións ecoloxistas, persoal científico-investigador, autoridades competentes na Ría de Cedeira e demais partes ou persoas interesadas, para constituír coa máxima urxencia unha equipa multidisciplinar que se encargue de promover un estudo previo detallado e integral da ría de Cedeira no que se contemple a recuperación integral da praia da Madalena no marco dun plan de usos da Ría de Cedeira onde a súa xestión racional sexa plenamente compatible co respecto medio ambiental.

Segundo a lexislación vixente, propoñemos que se sigan os pasos:

- 1) A constitución do mencionado grupo interdisciplinar.
- 2) A realización dun estudo detallado do medio conforme ás guías para a elaboración de estudos do medio, contido e metodoloxía, publicadas e actualizadas polo entón MOPT, hoxe Secretaría de Estado de Medio Ambiente, desde 1992 incluíndo: Clima, Xeomorfología, Chans, Auga, Vexetación, Fauna,

Recursos Culturais, Paisaxe, Riscos derivados dos procesos naturais, e outros elementos.

- 3) A elaboración de diversas propostas de actuación á luz dos datos obtidos no punto anterior.
- 4) O sometemento das mesmas ao procedemento ordinario (completo) de avaliación de impacto ambiental, conforme á Lei 21/2013.
- 5) Determinación da solución máis apropiada e execución da mesma, completa ou por fases en función da súa complexidade e dispoñibilidade orzamentaria.

Dito isto, pasamos á análise do informe que nos adxuntan co fin de achegar argumentos solventes que avalen o dito nos puntos previos, así como demostrar que calquera tipo de actuación que se faga na Ría de Cedeira **DEBE SOMETERSE AO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL** xa que se trata dun espazo natural protexido mediante o Decreto 28/2009, (de creación da reserva mariña de Cedeira), e que neste suposto inclúese calquera obra ou actuación levada a cabo na zona mariña que abrangue até o nivel máximo de preamares equinoccionais.

2 Nota sobre lexislación aplicable en vigor

A carta que remite a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental fai mención a unha normativa que o 22 de xaneiro de 2014 –segundo a súa data de rexistro de saída– xa fora derogada pola nova Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE 296 do 11 de decembro de 2013, con entrada en vigor ao día seguinte, segundo a súa disposición final décima).

Por iso, ao longo do presente informe referirémonos en todo momento á normativa vixente, Lei 21/2013.

Ao longo do todo este texto imos debullar argumentos que poñen en dúbida a veracidade e a capacidade técnica e responsabilidade do autor ou autores da memoria resumen.

A este respecto, la Ley 21/2013 dí en su artículo 16:

- *Capacidad técnica y responsabilidad del autor de los estudios y documentos ambientales:*
 - *1. El documento inicial estratégico, el estudio ambiental estratégico y el documento ambiental estratégico, en el caso de la evaluación ambiental estratégica, y el documento inicial, el estudio de impacto ambiental y el documento ambiental en el caso de la evaluación de impacto ambiental, deberán ser realizados por personas que posean la capacidad técnica suficiente de conformidad con las normas sobre cualificaciones profesionales y de la educación superior, y tendrán la calidad necesaria para cumplir las exigencias de esta ley. Para ello, los estudios y documentos ambientales mencionados deberán identificar a su autor o autores indicando su titulación y, en su caso, profesión regulada. Además, deberá constar la fecha de conclusión y firma del autor.*

- *Los autores de los citados documentos serán responsables de su contenido y de la fiabilidad de la información, excepto en lo que se refiere a los datos recibidos de la administración de forma fehaciente.*

Motivo polo cal pedímos a devolución deste documento ao seu promotor.

3 Revisión da “memoria resumen” de Costas

Todos os expertos consultados, incluídos técnicos e científicos que están a realizar estudos na enseada de coinciden en que a “memoria resumen” presentada pola Demarcación de Costas en Galicia ante a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, ten un feble carácter científico, e máis parece un documento elaborado con “copia-pegar”.

Ademais de usar referencias de datos e terminoloxías obsoletas, demostra erros científico que demostran pouco coñecemento da zona (o cal, conforme ao artigo 16 da Lei 21/2013 inválidalle de facto), chegando a caracterizar hábitat nos que non foron recollidos mostras, e para os que non se cita bibliografía, polo que se fai imposible verificar se este datos son correctos ou non.

En todo a “memoria”, únicamente se dá conta un parámetro abiótico (a granulometría), pero obvianse datos tan cotiás e básicos como a salinidade ou o pH. Sen dúbida, coa única intención de asegurar un recheo cunhas características granulométricas iguais ás existentes pero obviando as alteracións que podería provocar unha distinta composición do material empregado. Manifesta este estudo unha clara intención de ocultar datos que na vixiancia ambiental poidan ser empregado para documentar o deterioro dos hábitats.

En definitiva, non cumpre en ningún caso os requisitos necesarios para ser considerada como tal a efectos de ser tratada como un documento ambiental inicial.

3.1 Antecedentes e obxectivos

Nestes apartados, o documento recoñece (sen citas de procedencia ou autoría) que na enseada existe un fenómenos de “resonancia” pero ao mesmo tempo recoñece non saber en que sentido este fenómeno afecta á dinámica litoral. Achaca “*un ligero incremento de la capacidad resonante de la ensenada [...]*” para logo engadir que “*[...] no se conoce la intensidad real de este fenómenos, no es posible determinar si ha tenido influencia relevante [...]*” polo que se afirma na mesma frase unha cousa e a contraria. Unha tremenda inconcluencia para un estudo deste tipo, e unha enorme eiva para tratar de coñecer os mecanismos polos que desaparece a area. Con esta frase quéda patente que a Demarcación de Costas recoñecen a existencia dun problema pero que ao mesmo tempo non saber como é ese problema, unha conclusión moi pouco acertada se o obxectivo deste proxecto e unha solución definitiva.

A “memoria” de Costas fai un repaso *sui generis*, citando puntos da costa que ninguén coñece (*Punta Caudicie* e *Punta Colhliteira?*), frases con contradicións tales como que sitúan a Cedeira a 98 km de Coruña, cando hai xa tempo que son 20 km menos, valga este exemplo de proba do nulo interese en actualizar datos e elaborar un informe serio.

A pesar de que nos obxectivos se cita a intención de “*generar un arenal estable en la zona más próxima al núcleo urbano*”, o proxecto pretende realizar unha actuación parcial para un problema que afecta a toda a enseada, (como el mesmo recoñece) e propón unha alternativa (o recheo) que se manifestou ineficaz. Nesta ocasión, ademáis faise unha proposta novedosa (a construción dun dique) pero sen aportar datos que nos poidesen facer pensar que esta actuación vai a ser eficaz.

3.2 Lexislación aplicable

Cremos que a memoria comete un erro de bulto ao empregar como referencia unha normativa que non está vixente (coa nova Lei 22/2013, do 11 de decembro de 2013 derógase a empregada na “memoria resumen”), trata con isto de e influír aos axentes consultados pola Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental? Non o sabemos a ciencia certa, pero o que si é certo e que fai unha interpretación *ad hoc* a favor do seu “proxecto”, mediante a exposición selectiva dunha normativa que xa nin sequera está vixente.

Ademáis en todo o documento obvisé a existencia da vixente reserva mariña de interese pesqueiro de Cedeira (*creada por Decreto 28/2009 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, DOGA 33 de 2009*), que é chave na obrigación de realizar un estudo de impacto ambiental ordinario (completo) xa que a intervención proposta invade claramente os límites da reserva, espazo natural protexido (liña da preamar máxima viva equinoccial).

Incluso a construción do “*dique de encauzamiento*”, do que non se aporta nin un só dato sobre a súa afectación sobre a praia nin do seu posible impacto ambiental, debe estar sometido ao procedemento de impacto ambiental ordinario, tanto por entrar na reserva mariña como por motivos que demostraremos máis adiante.

3.3 Información de interese, u-la?

Neste apartado atopamos máis datos de recheo que nada achegan. Citan un “*Estudio de dinámica litoral*” (obrigatorio pola Lei de Costas), así como un “*Estudio de revisión ambiental*”, e unha “*Caracterización sedimentolóxica y ambiental de los fondos marinos*” contratada á empresa privada externa HIDTMA e HIDTMA-ECOMAR, pero que, á luz do extracto que se expón na memoria de Costas parece obviar diversos datos indispensables para o coñecemento da zona, e incurre en contradicións sen profundizar en aspectos sobre os que se dá conta da falta de coñecementos.

Afirma ademais que o estudo está baseado en “[...] *trabajos de campo, modelización y consulta de documentos bibliográficos* [...]”, sen que se den evidencias de que exista tal información.

Os traballos de campo, aínda que din realizar varios métodos de mostraxe (transectos de exploración con cámara remota, mostraxes con draga, prospección visual, rexistro fotográfico e inmersións con escafandro autónomo), unicamente achegan datos concretos dunhas calcatas de area, concretamente: só catro!.... É imposible a caracterización dunha zona tan ampla simplemente con 4 mostraxas. E de feito o documento recoñece non detectar animais nunha zona incluída dentro da reserva mariña, que sen dúbida será debido a erros de mostraxe.

Como se explicará máis de vagar noutro apartado, a parte desta pobre mostraxe, no documento caracterizan hábitats sen apoiarse nestas mostraxes nen en bibliografía. Isto ocorre por exemplo, na “Comunidad de *Venus Gallina*”. Dentro da descripción desta comunidade que sitúan en Baleo, a varios quilómetros destes 4 puntos de mostraxe (incluso fora da ría), recoñecese que “*no está presente en la muestra*” ningunha *Venus Gallina*. Con erros deste tipo non se pode acreditar nos resultados deste estudo, no que se incorren en reiterados erros na nomenclatura científica: *Venus Gallina*, ademais de estar mal escrita (debera ser *Venus gallina*), é unha denominación obsoleta e non aceptada de *Chamelea striatula*.

3.3.1 Descrición e ubicación xeográfica

No apartado urbanístico non se atopa nin un só motivo que xustifique tal denominación e seguese cometendo o erro de situar a Cedeira a 98 km da Coruña. Poida que débese a que fan a ruta polo Campo do Hospital, pero se van por Valdoviño-Narón verían que non chega a 78 km.

Na descrición dos accidentes xeográficos e puntos singulares “esquécese” do apartado “*Espacios protegidos*” (segundo o seu propio índice), porque, supoñemos, non quedaría outra opción que citar **a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira**, con todos os requisitos ambientais que implica en calidade de espazo natural protexido e amparado pola normativa europea.

3.3.2 Medio físico

Os conidos pasan directamente á “xeomorfología”, saltándose o índice, facendo unha descrición moi pouco pormenorizada da ría de Cedeira. Mesmo cita accidentes xeográficos como os cantís de Herbeira ou as praias do Baleo ou Pantín, que están situados lonxe da zona de estudo e impacto, mesmo fóra da ría de Cedeira.

O estudo sedimentolóxico céntrase nas diferenzas de granulometría. Resulta rechamante que non se faga mención algunha da composición da praia da Madalena. Que é calcaria organóxena, restos de cunchas de bivalvos e outra fauna mariña con escasa presenza de material fluvial. Tamén obvia outros parámetros abióticos esenciais para caracterizar esta zona como a materia orgánica, potencial redox, pH, salinidade, etc.

Estes datos moi importante a efectos ambientais pois o pH pode verse afectado se os aportes de area se levasen a cabo con áridos de canteira, normalmente de base silíceo e carácter acedo. Estes poderían inducir grandes cambios na composición faunística da zona afectando ademais ao principal banco marisqueiro da ría, os berberechos de intermareal da metade norte da praia da Madalena.

Cabe destacar neste apartado a imaxe comparativa da páxina 16, ao apreciase sen claramente a ocupación urbana que sufriu a praia-duna. Como dí a “memoria resumen”, foi probocada fundamentalmente pola construción da Praza Vermella, o Colexio Nicolás do Río, e o paseo marítimo en determinadas zonas. Ademais, esta ocupación erradicou parte da historia de Cedeira, ao destruír todas as fábricas de salgadura que formaban parte da historia de Cedeira.

3.3.3 Espazos protexidos

Resulta moi chamativo que só se cite o LIC (Lugar de importancia comunitaria) Costa Ártabra que á súa vez forma parte da Rede Natura. Na descrición pouco pormenorizada deste espazo protexido obviando importantes aspectos do mesmo como que conta con hábitats mariños (na Ría de Ferrol), e especies protexidas terrestres, como a pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*). Finaliza deixando claro, de novo *ad hoc*, que están excluídos do citado LIC “*la playa de la Madalena y sus zonas adyacentes donde se movilizarán los áridos*”.

Por enésima vez, volven obviar a vixencia da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira, que é un espazo natural protexido para todos os efectos por lei, dentro de cuxos límites se inclúe a práctica totalidade da proposta de actuación de Costas.

3.3.4 Medio biolóxico (mariño)

Co fin de abrir a participación e a discusión do presente informe a outros grupos e expertos, para a redacción do presente apartado foi consultado el Grupo de Pesquerías da Universidad de A Coruña UDC, por ser eles quen durante anos **monitorizaron** la evolución da reserva mariña de Cedeira.

As conclusións ás que chegaron estes investigadores da UDC, nas que nos apoiamos, van na liña argumental que mantemos neste documento. Nestes puntos recóllense as apreciacións destes investigadores:

- Os datos bibliográficos non están referenciados en ningún lado, polo que non se poden consultar e verificar.
- A metodoloxía de mostraxe non é a axeitada para caracterizar a comunidade biolóxica:
 - Non se cita a luz de malla usada para o cribado, cuestión fundamental para estudar as comunidade que vive nos hábitat sedimentarios, tendo en conta ademais que a maioría da diversidade nestes hábitats e de

talla inferior a 1 cm. Esta pode ser a causa pola cal non se atoparon animais na desembocadura do río das Mestas.

- Nos substratos rochosos non se cita nin un estudo da cobertura, nin se fai referencia a outro tipo de mostraxes como raspados ou estudos de recolonización, só se fai referencia a observacións en mergullo, método de todo inapropiado para caracterizar unha comunidade que de seguro ten unha proporción elevada de seres vivos de talla inferior a 1 cm.
- Poñemos en dúbida os métodos empregados na identificación e separación da fauna, pola ausencia de referencias a estes métodos e polas repetidas referencias á aparición de “*fragmentos*” de animais, a caso non se atopou ningún enteiro?
- A descripción que se fai da zonación mariña é totalmente inexacta citando en varios casos “nivel submareal” cando obviamente se refire á zona infralitoral. Ademais, a sucinta descripción dos factores que inflúen na comunidade de cada zona é tamén inexacta porque obvia factores como a exposición á ondaxe na zona intermareal rochosa, e confunde este concepto co hidrodinamismo na “*zona submareal*” (infralitoral).
- Utilízase nomenclatura científica de especies non vixentes segundo o Código Internacional de Nomenclatura Zoolóxica (<http://iczn.org/iczn/index.jsp>), ou erradas, das que ademais non se cita o autor como é preceptivo, p.ex.: *Cardium edule* por *Cerastoderma edule*, *Scolerepis squamata* por *Scolecopsis squamata*, *Nephtys hombergii* (*N. Hombergii*) por *Nephtys hombergii* (*N. hombergii*), *Diógenes pugilator* (*D. Pugilator*) por *Diogenes pugilator* (*D. pugilator*), *Venus Gallina* por *Chamelea gallina*, etc
- No caso do berberecho resulta sorprendente que unicamente rexistren a presenza, cando a praia de la Madalena é un banco marisqueiro natural de berberecho, e polo tanto, esta é una especie dominante na zona.
- *Palaemon longirostris* ten unha distribución Mediterránea, polo que poñemos en dúbida a súa presenza na zona de estudo. Si se refiren a *Palaemon serratus* (camarón) dudamos moito tamén da súa presenza en Esteiro, debida á baixa salinidade desta zona. Si que está documentada se sabe a súa abundancia na praia de San Isidro.
- Obvia citar especies de grupos zoolóxicos que nos hábitats estudados son dominantes como o caso dos amphípodos nos substratos sedimentarios, e omite outros grupos zoolóxicos que teñen unha elevada importancia nestes hábitats como os tanaidáceos e os isópodos.
- A enseada de Cedeira é una zona de area calcárea organóxena (conchuela) moi fina tapizada coa alga verde *Ulva rigida*, pero nesta memoria non se cita nin a composición do substrato nin outros factores abióticos moi importantes á hora de coñecer a zona de estudo como a materia orgánica ou a salinidade de cada hábitat.
- Sorprende que non se detecte presenza de navalla (*Ensis* sp.) ou longueirón (*Solen marginatus*), posto que abunda, moi probablemente un erro do método de mostraxe.

- Existe un baxísimo número de especies. O Grupo de Pesqueiras da Universidade da Coruña, que monitorizou a reserva mariña, contabilizou máis de **60** sps de **macroalgas**, máis de **350** sp de **macrofauna**, máis de **120** sp de **megafauna** sésil, e máis de **60** sp de **megafauna** váxil. E dado que o obxectivo dos seus estudos non era cuantificar o número de especies, seguramente estes número sexan máis elevados,

En canto aos "recursos pesqueros", todo este apartado recolle erros e inexactitudes segundo estes investigadores:

- O marisqueo ten unha gran relevancia dentro da Ría, e é unha importante fonte de recursos para Cedeira. Explótase principalmente coquina e berberecho (ademais de ameixa fina e mincha), e na parte externa da ría explótase percebe e ourizo. Non é certo, por tanto, que o marisqueo teña pouca relevancia como di o informe.
- A pesca non está prohibida dentro da ría, existe unha regulación específica para a pesca dentro da Ría de Cedeira (existen plans de xestión integral da Reserva).
- O percebe non ten vedas, regúlase por días de extracción ao ano, e pódese extraer durante todos os meses do ano.
- Con todo, outras especies como a coquina ou o ourizo unicamente se pódén capturar en determinadas épocas do ano (de xaneiro a abril o ourizo y de outubro a marzo a coquina).
- Respecto dos maiores ingresos en capturas de especies que reflicte o informe, volven manexar datos erróneos segundo eses investigadores.
 - O percebe (*Pollicipes pollicipes*) e o polbo (*Octopus vulgaris*) son importantes recursos pesqueiros para Cedeira, pero son capturados na súa maioría por frota que baixura fóra da Ría.
 - A lura (*Loligo vulgaris*) non é un recurso que capture a frota profesional. De feito, as especies máis importantes, tanto en capturas como en ingresos, dentro da Ría de Cedeira, son a sepia (*Sepia officinalis*), a centola (*Maja brachydactyla*) e a coquina (*Donax trunculus*).
 - Así mesmo, convén aclarar que a nasa de polbo non se utiliza dentro da ría, posto que unicamente está permitida a nasa aberta e os pescadores de Cedeira non a empregan.
 - Antes da implementación da reserva mariña capturábase moito polbo, pero actualmente o polbo é unha especie accesoria que se captura con enmalle (trasmallo) ou con nasa de nécora ou camarón.
 - A pesar de que no informe dan pouca importancia ao marisqueo dentro da praia da Madalena, non é así. Esta praia é un banco marisqueiro natural de berberecho (*Cerastoderma edule*) cunha superficie produtiva de 280.000 km², sendo o segundo recurso marisqueiro máis importante da ría de Cedeira, despois da coquina.
 - Baste dicir, manexando cifras actuais, que durante o ano 2013 extraéronse un total de 6.523 kg de berberecho (34.049,50 ?) durante os meses de xaneiro a abril, e xuño-xullo

- En canto ás especies protexidas, na memoria de Costas non se cita ningunha pero temos evidencias de que poidan existir.
 - O ourizo *Echinus esculentus* de ampla distribución nas nosas costas, é unha especie recollida tanto no catálogo galego de especies ameazadas como no catálogo estatal. É de sospeitar a súa presenza na enseada xa que encaixa co hábitat e distribución deste invertebrado, é sorprendente que neste estudo non se detectase máxime cando esta especie ten un porte relativamente grande, sobre uns 10 cm de diámetro.
 - Por outro lado existen numerosas especies de peixes cartilaxinosos ameazados cuxa presenza está documentada. É máis, recentemente o Grupo de Pesqueiras da Universidade da Coruña solicitou un proxecto á Fundación Biodiversidade para poder estudala **dentro da reserva mariña de Cedeira** a raia mosaico (*Raja undulata*) xunto con outra especie de raia (*Raja montagui*) e dúas quenllas (*Scyliorhinus canicula* e *Scyliorhinus stellaris*). A *Raja undulata* está catalogada como especie "En perigo" segundo a Lista vermella da UICN. O Regulamento (CE) N° 43/2009 do Consello de 16 de xaneiro de 2009 prohibe a súa pesca. Ademais o alitán (*Scyliorhinus stellaris*) está catalogado como especie "Case Ameazada" polo IUCN. Ambas as especies están **presentes** dentro da Ría de Cedeira.

3.3.5 Medio biolóxico (praia e cordón dunar)

Ademais da fauna mariña intermareal e sublitoral descrita, nas praias existen tamén seres vivos na zona seca ou supralitoral e cordón dunar. Ningunha parte do documento está referida a esta fauna, pero sen embargo si se verá afectada, sobor de todo durante a obra. A fauna de pequeno tamaño que vive entre a vexetación, ou entre a area, que vai dende as pulgas *Talitrus saltator* cunha ampla distribución por todo o atlántico, até os seres vivos de menos tamaño, que habitan entre os grans de area, coñecidos como meiofauna presentes en todos os areais. Estes seres miden desde unhas poucas micras até un milímetro, e pertencen a grupos faunísticos moi diversos, desde crustáceos copépodos e poliquetos do intermareales até unha complexísima diversidade de protozoos, fungos e bacterias.

Estes animais de pequeno tamaño, son a base da pirámide trófica e por tanto son fundamentais para o resto do ecosistema (incluídos os animais comerciais). Son tamén os encargados de mineralizar os desfeitos orgánicos, pechando deste xeito a cadea trófica do ecosistema que conforman as rías, as súas praias, marismas, roquedos etc. Débense ter en conta nos estudos que traten de determinar o impacto das obras en zonas costeiras xa que calquera actuación que supoña un impacto negativo nestas poboacións podería ter consecuencias ambientais moi negativas para todo o ecosistema, tanto nas súas zonas de extracción como nos seus lugares de depósito.

Tampouco se fai ningunha mención á fauna dos outros grupos zoolóxicos, como pequenos mamíferos e reptiles do corón dunar ou aves mariñas. A ave limícola coñecida como pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), especie ameazada para cuxa protección a Xunta de Galicia elaborou un plan de conservación. É unha especie con pouca presenza en Europa e na zona cantábrico-atlántica da península ibérica só se ten detectado en Galicia. No plan de recuperación inclúese a praia da Madalena como zona de distribución potencial deste paxaro, que xa se atopou en Pantín e Vilarube (na mesma Ría de Cedeira), e que podería ter presenza na Madalena de mellorar as súas condicións ambientais.

3.4 “Alternativas de actuación”, segundo Costas

Esta “memoria resume” evidencia que a alternativa escollida para esta mellora, non está fundamentada nun estudo científico, senón o contrario, que se trata dunha decisión xa tomada para a que se elabora un estudo que trata de xustificar o recheo:

“...la única alternativa que puede ser adoptada por el momento por la Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y el Mar es la de efectuar aportaciones periódicas de arena, similares a las realizadas en los pasados años, y la construcción de un espigón de encauzamiento que estabilice la zona del río.”

A valoración dos impactos desta actuación novamente faise sen basearse en datos, ou polo menos, non se achegan, polo que resulta imposible contrastar a súa veracidade chegando á conclusión de que “no se aprecian impactos graves que deban ser estudiados en detalle”. Teimando en obviar que a praia da Madalena de Cedeira como un entorno protexido.

3.5 Debullando a proposta de Demarcación de Costas en Galicia

A experiencia ten demostrado que a achega de area non é beneficiosa para consolidar o areal da Madalena, insustentable en termos biolóxicos, nen viable en termos da despesa pública que xera. Resulta evidente que a proposta presentada pola Demarcación de Costas en Galicia teima na estratexia de Penélope, fornecer máis area antes da chegada do verán, aínda sabendo que o inverno o mar a retirará toda. O tempo demostrou que esta medida é provisional e non unha solución integral, e precisa unha despesa económica continua.

Segundo a memoria resumen a desaparición de area está directamente relacionada coa construción feita sobre a duna na segunda metade do século XX (Plaza roja e colexio público), xa que esta zona cercana á desembocadura do río constituía o reservorio natural de area da praia. Tamén segundo este documento existe un aumento da capacidade de resonancia da enseada provocada pola construción e

sucesivas ampliación do porto pesqueiro, aínda que non se sabe como. Que nos pode facer pensar que unha terceira construción vai resultar beneficiosa?

Cando as construcións feitas sobre terreo mariño son as causantes desta situación, que nos pode facer supoñer que unha máis poida solucionar o problema?. Un novo dique, non parece máis que redundar na teima da alteración mariña sen fundamento científico que o avale, ademáis, temos evidencia alguna de que se teñan feito modelizacións ou simulacións para determinar as alteracións que este dique pode provocar na praia ou na enseada.

Si ben é certo que dentro desta proposta tamén se fala da recuperación do sistema dunar esta actuación límitase á retirada de especies exóticas, e non como se enuncia á recuperación dunar. Aínda que se recoñece e como problema a ocupación da duna, non hai ningunha alternativa plantexada para este problema.

Convén volver sinalar, o aporte de áridos terrestres pode provocar unha alteración grave na enseada de Cedeira. Nesta praia predomina a area fina de orixe mariña (conchuela, restos de cunchas de seres mariños, maiormente bivalvos¹). Se fose enchida en parte con aportes de áridos procedentes de xacementos terrestres, como parece desprenderse da memoria podería provocar un cambio brusco de pH local e os seus efectos negativos, ao acidificar a contorna sobre todo en baixamar, sobre a meiofauna e recursos marisqueiros que habitan baixo o substrato pode limitar o crecemento de moitos bivalvos ao impedir a formación de carbonato cálcico, e mesmo podendo xerar mortalidades en especies de interese comercial, por exemplo no banco de berberecho das proximidades, explotado pola Confraría de Pescadores local. O berberecho vive soterrado a escasa profundidade en sustratos areosos de gran fino. O pequeno tamaño dos seus sifóns obriga aos individuos a vivir moi perto da superficie, factor que os expón aos cambios nas condicións ambientais.

Ademáis, a construción do dique de encanamento do río, pode diminuír aportes de auga doce. Tamén pode ter cambios na composición química do sustrato polo menor aporte do río, e no rexime de correntes.

3.6 O que non dí a “Memoria Resumen”.

A pesar de que neste documento estanse a enumera diferentes “erros” de fondo (erros na metodoloxía de mostraxe, omisión da citas de especies presentes na bibliografía, re-linde de bancos marisqueiros, etc) identifícanse diversas causas da situación actual: os inefectivos recheos anteriores, unha alteración da capacidade de resonancia da enseada, a ocupación da duna durante a segunda metade do século XX, etc.

Unha vez identificadas as causas do problema, o lóxico sería tratar de realizar un proxecto que tratase poñer fin a este problema eliminando as causas, ou cando menos tratando de minimizalas. A demarcación de costas lonxe de tratar de dar solución a estas causas propon unha alternativa que nada ten que ver coas causas atopadas no estudo. É máis asume a falta de coñecemento sobre os mecanismos que levaron a

¹ “Los dominios fluviales y marítimos en la rías gallegas”. I. Asensio Amor. Cuadernos da Área de Ciencias Mariñas. Seminario de Estudos Galegos. 1: 27-32

esta situación, o cal constitúe por si mesmo unha razón para non admitir esta “memoria”.

Por outro lado a pesar de enunciar que se debería liberar especio público na duna, limitase propoñer para este fin a retirada de especies exóticas invasoras, unha cuestión que aínda non sendo valadía, non é nin moito menos o obxectivo do enunciado desa medida.

A pesar de eivas e erros ao longo de todo o documento, na descripción do proxecto detallase o número de camións e a capacidade da pala que se empregarán para realizar unha obra que aínda non está licitada, como se extrae desta cita:

“En la zona de acopio se cargarán los camiones por medio de una pala cargadora de 130 CV y 1,8 m³. Para el transporte del material se emplearán 4 camiones bañera de 16 m³ de capacidad.”

Isto, lévamos a reflexionar como é posible saber o número de camións e a capacidade da pala que se empregarán se aínda nen se quera foi exposto ao público o proxecto e moito menos aberto o concurso de licitación.

4 Marco legal polo que é preceptivo un estudo de impacto ambiental ordinario (sexo cal sexo a obra) na Madalena

A Lei 21/2013, no seu anexo I (*Proyectos sometidos a la evaluación ambiental ordinaria regulada en el título II, capítulo II, sección 1.ª*) inclúe:

- *Grupo 9. Otros proyectos. a) Los siguientes proyectos cuando se desarrollen en **Espacios Naturales Protegidos**, Red Natura 2000 y Áreas protegidas por instrumentos internacionales, según la regulación de la Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad:*
 - 4.º) *Dragados fluviales cuando el volumen extraído sea superior a 20.000 metros cúbicos anuales, y dragados marinos cuando el volumen extraído sea superior a 20.000 metros cúbicos anuales.*

Razón na cal fundamentamos a necesidade de avaliación ambiental ordinaria. A reserva mariña de interese pesqueiro da Ría de Cedeira encaixa neste enunciado ao ser un espazo natural protexido, segundo o Decreto 28/2009 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (DOGA 33/2009) cuxos límites interiores veñen delimitados pola liña de preamar máxima viva equinoccial.

O propio Decreto da súa creación, no seu preámbulo, recoñece o nivel de protección da ría como se pode ver no seguinte texto, onde ao final, para que non haxa lugar a dúbidas, deixa ben claro que “En este sentido, las reservas marinas de interés

pesquero encajan perfectamente con las recomendaciones de los máximos organismos internacionales”.. Literalmente:

[...] Desde hai unhas décadas, diferentes acordos internacionais e normas da Unión Europea veñen establecendo a base doutrinal para a protección e conservación dos nosos mares e océanos, conformando un marco xurídico que permita o mantemento da biodiversidade así como a preservación duns mares limpos nos que a explotación dos recursos pesqueiros sexa sustentable.

A creación de reservas mariñas de interese pesqueiro encádrase completamente nesta filosofía compatibilizando a protección de áreas xeográficas para o manexo de recursos de acordo coa categoría VI da clasificación da UICN así como co artigo 7 do Código de conduta para unha pesca responsable da FAO, o cal avoga por adoptar medidas de ordenación pesqueira que leven á conservación e uso sustentable a longo prazo dos recursos pesqueiros. Neste senso, as reservas mariñas de interese pesqueiro encaixan perfectamente coas recomendacións dos máximos organismos internacionais. [...]

Segundo estas normativas (decreto de creación da reserva mariña, e Lei 21/2013 de avaliación ambiental) entendemos que a zona dá actuación prevista pola Demarcación de Costas en Galicia enmárcase de cheo dentro dos límites da reserva mariña de Cedeira. Esta reserva mariña ten un status internacional de espazo natural protexido a todos os efectos.

Por tanto, é de plena aplicación o disposto no punto 4 do grupo 9 da Lei 21/2013, anexo I (Proxectos sometidos á avaliación ambiental ordinaria regulada no título II, capítulo II, sección 1.^a), motivo polo cal, ao estar incluído no ANEXO I, é de plena aplicación o artigo 7 da citada Lei:

Artículo 7. Ámbito de aplicación de la evaluación de impacto ambiental.

*1. Serán objeto de una evaluación de impacto ambiental **ordinaria** los siguientes proyectos:*

a) Los comprendidos en el anexo I, [...]. (É decir: a Reserva Mariña de Cedeira por ser un espazo natural protexido).

4.1 Sobre o “dique de encauzamiento”

Cremos oportuno resaltar que a construción do dique de encauzamento obrigaría igualmente ao sometemento da intervención ao preceptivo estudo de impacto ambiental ordinario (é dicir, completo non simplificado), en base ao artigo 7 da Lei 21/2013:

Artículo 7. Ámbito de aplicación de la evaluación de impacto ambiental.

1. Serán objeto de una evaluación de impacto ambiental ordinaria los siguientes proyectos:

*b) Los comprendidos en el apartado 2, cuando así lo decida **caso por caso** el órgano ambiental, en el informe de impacto ambiental de acuerdo con los criterios del **anexo III**.*

No anexo III atopámonos cos “*Criterios mencionados en el artículo 47.5 para determinar si un proyecto del anexo II debe someterse a evaluación de impacto ambiental ordinaria*”, onde podemos ler:

2. Ubicación de los proyectos: La sensibilidad medioambiental de las áreas geográficas que puedan verse afectadas por los proyectos deberá considerarse teniendo en cuenta los principios de sostenibilidad, en particular:

*c) La capacidad de carga del medio natural, con **especial atención** a las áreas siguientes:*

1.º Humedales.

2.º Zonas costeras.

4.º Reservas naturales y parques.

5.º Áreas clasificadas o protegidas por la legislación del Estado o de las Comunidades Autónomas; [...]

Polo que novamente a zona de actuación encaixa cos supostos enunciados por esta lei.

5 Respaldo social

Habida conta que este é un tema que preocupa a cidadanía, e co fin de amosar que a sociedade Cedeiresa recláma, ao igual que nós que se realice un estudo de avaliación ambiental, SomosCedeira iniciou unha campaña de recollida de sinaturas online a través da plataforma Change.org. Como resultado desta campaña lévanse recollidas máis de 750 sinaturas.

Polo exposto e en base aos argumentos descritos, SOLICITAMOS teña a ben atender as peticións que se no presente documento, reservándonos o dereito de exercer as accións legais pertinentes de contención da administración de estimalo oportuno.

En Ferrol, a 21 de Febreiro de 2014.

Asinado: Alexandre García Regueira

Secretario de ADEGA-Ferrolterra.

ADEGA-Ferrolterra - Apartado de Correos 481; 15480 Ferrol,
correo-e: adegatrasancos@adega.info Web: <http://www.adega.info>

Anexo 1.- Reserva Mariña de intereses pesqueiros da Ría de Cedeira (DOGA 33/2009).



